

## ¿POR QUÉ ESTUDAR TRABALLO SOCIAL?:

Para traballar con persoas, familias e grupos, apoiando o seu desenvolvemento como persoas, a mellora das súas relacións e da súa capacidade de vida

- Detectando e recoñecendo necesidades sociais e deseñando estratexias para darlles resposta.
- Promovendo fortalezas e recursos persoais para afrontar conflitos.
- Avaliando situacións de risco e dinamizando recursos institucionais e comunitarios para mellorar a calidade de vida das persoas.
- Creando espazos de comunicación para mellorar as relacións.
- Participando no deseño de políticas sociais e coordinando equipos multiprofesionais.

- Ter unha actitude activa de contribución ao desenvolvemento dunha sociedade máis xusta e unha disposición de defensa da xustiza social.
- Sensibilidade cara as cuestións de desenvolvemento e incremento do benestar social, a saúde e a calidade de vida das persoas.
- Habilidade para as relacións interpersoais, é dicir, capacidade empática, reflexiva, analítica e de adecuación aos cambios e dinámicas sociais.
- Interese por temas psicosociais tanto a nivel de opinión como de participación activa.
- Interese pola intervención social en contextos problemáticos nos que viven algunhas persoas, grupos e comunidades.
- Ter inquietude e compromiso social.
- Interese polo traballo cooperativo e o traballo en equipo.
- Capacidade creativa e de adaptación a novas oportunidades.

## PERFIL DE INGRESO

Non se esixe ningunha formación previa específica. O perfil de ingreso recomendado para os futros/as estudantes é:

## A FIGURA PROFESIONAL DO TRABALLADOR/A SOCIAL

O/a profesional do Traballo Social é unha **figura clave** no Sistema de Servizos Sociais, e tamén está presente de maneira relevante no Sistema de Atención á Dependencia, no Sistema de saúde, etc.

A Lei que regula os Servizos Sociais de Galicia, establece que "A persoa profesional de referencia será preferentemente unha traballadora ou un traballador social da rede pública de servizos sociais,... (Art. 24). Dentro do ámbito municipal, a norma que regula os servizos sociais comunitarios, tamén recolle que " A persoa profesional de referencia será un traballador ou traballadora social ..." (Art. 37).

O papel destacado que a Lei de Inclusión Social de Galicia, asigna ao traballador/a social, reflíctese na esixencia da emisión dun "informe social realizado pola traballadora ou traballador social de referencia, que conterá unha valoración da situación ou risco de exclusión social e unha proposta sobre a idoneidade da aplicación da prestación". (Art. 36).

Noutros ámbitos de atención especializada, contéplase tamén a figura do Traballador/a Social, formando parte dos equipos interprofesionais, por exemplo Xulgados de Menores, Servizos Sociais Penitenciarios, Gabinetes de Orientación Familiar, etc

## SAÍDAS PROFESIONAIS :

Os/as Graduados/as en Traballo Social desenvolven a súa labor profesional en diversos campos e áreas relacionados cos Servizos Sociais e outros sistemas de Benestar Social, e reforza cada día a súa presenza nas entidades de iniciativa social e empresas privadas. A gran variedade de servizos e institucións onde desempeñan o seu traballo caracteriza a situación actual. Así, desenvolven a súa actividade en Servizos Sociais comunitarios e de saúde, en servizos e centros especializados (de persoas maiores, con discapacidade, con drogodependencias, menores en situación de desprotección, mulleres vítimas de violencia de xénero, etc.), e tamén na Administración Autonómica, nas Deputacións, hospitais, institucións penitenciarias, etc

## ÁMBITOS LABORAIS:

- Servizos e entidades do Sistema de Benestar e outros sistemas da Administración Pública.
- Entidades de Iniciativa Social (ONG)
- Empresas privadas
- Autoemprego

## PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

O proceso de selección de alumnado lévase a cabo a través da Convocatoria que efectúa a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) para o conxunto das universidades galegas.

Para completar o proceso de matrícula, e unha vez admitido/a e matriculado/a en liña na USC, o alumnado deberá entregar a documentación propia do centro (inscripción) nos prazos establecidos polo Centro ([prazos 2021-2022](#))

## CONTINUACIÓN DE ESTUDOS

- Acceso a Programas Oficiais de Pósgrao: de orientación investigadora (tese doutoral) e/ou de orientación profesional
- Acceso a títulos propios e cursos de especialización.

## RÉXIME ECONÓMICO 21-22

Por tratarse dun centro adscrito, dos prezos públicos que determina cada curso a Consellería de Educación, aboarase o 25% á USC. Por outra parte, teñen que aboarse ao centro as seguintes contías:

Aportación inicial: 905,00 € (no momento da inscrición no centro)  
4 cotas: 375,00 € cada unha (nos meses de outubro, novembro, febreiro e marzo)

Posibilidade de solicitar o fraccionamento en máis prazos

## O PLANO DE ESTUDOS DO GRAO EN TRABALLO SOCIAL

Para a obtención do título de Grao o alumnado ten que superar 240 créditos:

### MATERIAS E DISTRIBUCIÓN EN CRÉDITOS ECTS A REALIZAR POLO ALUMNADO

TIPO DE MATERIA	CRÉDITOS
Formación Básica (FB)	60
Obrigatorias (OB)	120
Optativas	30
Prácticas externas	22
Traballo Fin de Grao	8
<b>CRÉDITOS TOTAIS</b>	<b>240</b>

Os estudantes admitidos a realizar o primeiro curso a tempo completo, deberán matricularse de 60 créditos ECTS. Poderase optar tamén a realizar estudos a tempo parcial, por circunstancias acreditadas, matriculándose no 50% dos créditos de 1º curso (30 ECTS)

## MATERIAS DO PLAN DE ESTUDO POR CURSO E CUADRIMESTRE

### PRIMEIRO CURSO

	Créd.
<b>1º Cuadrimestre</b>	
101 -Socioloxía Xeral (FB).....	6
102 -Fundamentos de Dereito (FB).....	6
103 -Historia do Traballo Social (OB).....	6
104 -Fundamentos de Política Social (FB).....	6
121 -Fundamentos de Traballo Social (OB).....	6
<b>2º Cuadrimestre</b>	
105 -Historia dos Sistemas de Benestar Social (FB).....	6
106 -Antropoloxía Social e Cultural (FB).....	6
107 -Fundamentos de Economía (FB).....	6
122 -Fundamentos de Psicoloxía (FB).....	6
123 -Ética e Traballo Social (OB).....	6

### SEGUNDO CURSO

	Créd.
<b>1º Cuadrimestre</b>	
201 -Estrutura e Cambio Social (FB).....	6
202 -Psicoloxía do Desenvolvemento no Ciclo Vital (FB).....	6
221 -Teorías e Modelos de Intervención en Traballo Social. (OB)...	6
222 -Traballo Social con Grupos (OB).....	6
223 -Servizos Sociais Comunitarios (OB).....	6
<b>2º Cuadrimestre</b>	
203 -Dereito e Administración Pública (FB).....	6
224 -Investigación e Diagnose en Traballo Social (OB).....	6
225 -Habilidades Sociais e de Comunicación en T. S. (OB).....	6
226 -Traballo Social e Saúde (OB).....	6
227 -Traballo Social con Comunidades (OB).....	6

### TERCEIRO CURSO

	Créd.
<b>1º Cuadrimestre</b>	
321 -Servizos Sociais Especializados (OB).....	6
322 -Metodoloxía da Investigación Social (OB).....	6
323 -Traballo Social con Individuos e Familias (OB).....	6
324 -Soportes Documentais e Xestión da Información (OB).....	6
-Optativa .....	6
<b>2º Cuadrimestre</b>	
325 -Política Social e Traballo Social (OB).....	6
327 -Deseño e Avaliación de Proxectos de Interv. Soc. (OB).....	6
327 -Obradoiro de Investigación Social (OB).....	6
-Optativa .....	6
-Optativa .....	6

### CUARTO CURSO

	Créd.
<b>1º Cuadrimestre</b>	
421 -Medidas de Protección Social (OB).....	6
422 -Xestión e Planificación de Servizos Sociais (OB).....	6
423 -Xestión de Organizacións (OB).....	6
-Optativa .....	6
-Optativa .....	6
<b>2º Cuadrimestre</b>	
424 -Practicum (OB).....	22
425 -Traballo Fin de Grao (OB).....	8

### OPTATIVAS DE TERCEIRO CURSO

	Créditos
<b>1º Cuadrimestre</b>	
341 - Traballo Social no ámbito da Educación.....	6
345 -Traballo Social con Menores .....	6
350 -Traballo Social e Adicións.....	6
351 -Traballo Social con Persoas con Discapacidade.....	6
<b>2º Cuadrimestre</b>	
342 -Traballo Social e Xénero.....	6
343 -Traballo Social no ámbito da Saúde Mental.....	6
346 -Traballo Social con Maires.....	6
349 -Traballo Social e Inclusión Social.....	6

### OPTATIVAS DE CUARTO CURSO

	Créditos
<b>1º Cuadrimestre</b>	
441 -Mediación e Xestión do Conflito en Traballo Social.....	6
443 -Trab Soc, Procesos Migratorios e Diversidade Cultural.....	6
445 - Traballo Social no ámbito da Iniciativa Social.....	6

### RAMA DE COÑECEMENTO

O Traballo Social está vinculado á Rama de Coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas, que comprende ademais as materias básicas de Antropoloxía, Ciencia Política, Comunicación, Dereito, Economía, Educación, Empresa, Estatística, Xeografía, Historia, Criminoloxía e Socioloxía.

Isto implica que os créditos cursados correspondentes ás materias de formación básica de calquera das titulacións pertencentes a esta rama, poderán ser recoñecidos por formación básica en calquera outra das titulacións da mesma rama, entre un mínimo de 36 e un máximo de 60 créditos.

### RECOÑECEMENTOS DE CRÉDITOS DESDE CICLOS SUPERIORES DE FP

Na páxina web da Escola pódese acceder ao catálogo de créditos e materias de recoñecemento directo na titulación universitaria de Grao en Traballo Social para os titulados en Formación Profesional de grao superior

### BOLSAS E AXUDAS

O alumnado do centro ten acceso ás becas que o *Ministerio de Educación y Ciencia* (MEC) convoca anualmente. De ser concedida, a exención da matrícula repercute na parte pública da mesma, non así no referido á parte correspondente ao centro.

A *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales* convoca anualmente axudas ao estudo dirixidas exclusivamente ao alumnado deste centro. Ditas axudas cobren parte do custo das aportacións ao centro e convócanse no mes de novembro.

## QUÉN SOMOS?

Somos o Centro pioneiro na implantación en Galicia dos estudos de asistencia social, no ano 1957. Dependemos da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*, entidade declarada de interese galego e de interese docente pola Xunta de Galicia, e na actualidade forma aos graduados e graduadas en Traballo Social pola Universidade de Santiago de Compostela.



## CONCERTAR UNHA VISITA

Si tes dúbidas, consultas, e gañas de coñecernos, podes contactar con nós no correo malenas@euts.es para concertar un día e hora e facernos unha visita. A persoa de referencia é M<sup>a</sup> Elena Puñal Romarís

## COMO CONTACTAR COA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL

**O noso enderezo:** (Edificio San Martiño Pinario) - Praza da Inmaculada nº 5, 3º - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

### **Horario de Secretaría:**

De luns a xoves de 9:00 h. a 13:30 h. – venres de 09:00 a 14:00 h

De luns a xoves: de 16:00-19:00

Fechado sábados e festivos e durante o mes de Agosto. **Mes de Xullo:** Horario só de mañá de 9:00 a 14:15 h

**Por teléfono:** 981 58 35 86 (secretaría) - 981 56 48 69 (despacho profesorado)

Fax: 981 574 607

**Por correo electrónico:** secretaria@euts.es

## MÁIS INFORMACIÓN

**Webs:** Da Escola - [www.euts.es](http://www.euts.es), da Universidade de Santiago de Compostela: [www.usc.es](http://www.usc.es)

Da Comisión Interuniversitaria de Galicia: <https://ciug.gal>